XII EDICIÓN

Travesía do Xalo

REGULAMENTO · XII EDICIÓN

1 / A asociación Castelo Deporte organiza, en colaboración co Concello de Culleredo, a Travesía do Xalo, que chega á súa décimo segunda edición.

2 / DATA E LUGAR

A proba celebrarase o domingo 30 de abril de 2023 no Monte Xalo, tendo a súa saída e a súa chegada no lugar de Folgueira (parroquia de Castelo), no termo municipal de Culleredo.

3 / DEFINICIÓN

Trátase dun evento deportivo composto por diferentes probas:

- Domingo 30 de abril	Carreiras de 18 km.
	Andaina de 10 km.
	Carreiras infantiles de 2 km, 1 km, 600 m., 250 m. e 80 m.

4 / RESPONSABILIDADE COA NATUREZA

A Travesía do Xalo promove os valores de respecto á natureza, favorecendo a conservación do monte, a súa flora e a súa fauna. Os participantes na proba deberán por esta razón empregar os contenedores de lixo dispoñibles. A organización empregará, sempre que sexa posible, material reutilizable e reciclable. Os elementos de marcaxe do percorrido recolleranse nas horas posteriores á proba, cando tamén se realizará a limpeza do mesmo. A comunicación en papel reducirase ao mínimo, dando prioridade ao soporte electrónico.

5 / CATEGORÍAS

Establécense as seguintes categorías, en función da data de nacemento dos participantes, coas súas correspondentes distancias (existen ata seis percorridos diferentes):

Pequerrechos	Só nados logo do 01/01/2018	80 m.
Prebenxamín	Só nados entre o 01/01/2016 e o 31/12/2017	250 m.
Benxamín	Só nados entre o 01/01/2014 e o 31/12/2015	600 m.
Alevín	Só nados entre o 01/01/2012 e o 31/12/2013	1 km.
Infantil	Só nados entre o 01/01/2010 e o 31/12/2011	2 km
Cadete	Só nados entre o 01/01/2008 e o 31/12/2009	2 km
Xuvenil	Só nados entre o 01/01/2006 e o 31/12/2007	2 km
Junior	Nados entre o 01/05/2005 e o 31/12/2005	2 km.

Absoluta 18 km.	Nados antes do 30 de abril de 2005	18 km.

A andaina (non competitiva nin cronometrada) constará dunha categoría única.

6 / HORARIOS

A Travesía do Xalo consta de seis distancias, a percorrer polos participantes en diferentes momentos da mañá do domingo 30 de abril, segundo o seguinte horario:

Carreira de 18 km.	9.30 horas
Andaina de 10 km.	9.45 horas
Carreira de 2 km.	13.00 horas
Carreira de 1 km.	13.15 horas
Carreira de 600 m.	13.30 horas
Carreira de 250 m.	13.45 horas
Carreira de 80 m.	14.00 horas

7 / INSCRICIÓNS E PREZOS

Permanecerán abertas ata o martes 25 de abril de 2023 ás 23.59 horas en www.emesports.es, cos seguintes prezos (os pagamentos realizaranse no momento da inscrición):

- Andaina de 10 km	20,00 € (25,00 € a partir do 1 de abril)
- Carreira de 18 km.	20,00 € (25,00 € a partir do 1 de abril)
- Carreiras infantiles	5,00 € (8,00 € a partir do 1 de abril

Os tres primeiros clasificados na carreira absoluta da pasada edición non pagarán inscrición.

8 / LÍMITE DE PARTICIPACIÓN

Disporanse un total de 200 prazas para a carreira de 18 km., e de 350 prazas para a andaina.

9 / PREMIOS

Entregaranse trofeos aos tres primeiros clasificados das categorías masculina e feminina das carreiras.

10 / DORSAIS E CRONOMETRAXE

A proba estará cronometrada pola empresa Emesports. Os chips de cronometraxe entregaranse aos participantes xunto co dorsal, e poderanse recoller o día da proba entre as 8.00 e as 9.00 horas na polideportiva de Castelo. Cronometrarase electrónicamente a carreira de 18 km.

11 / AVITUALLAMENTOS E SINALIZACIÓN

Para a carreira de 18 km. situaranse tres avituallamentos líquidos, un deles tamén sólido. Na andaina haberá un avituallamento sólido e líquido. O percorrido estará sinalizado con cinta de balizaxe.

12 / HORARIOS DE DESCALIFICACIÓN

A organización establece horarios de descalificación por motivos de seguridade e control dos participantes no percorrido da carreira absoluta. Estes horarios, de obrigado cumprimento para os participantes, poden ser consultados na web da proba. O incumprimento dos mesmos exime á organización de toda responsabilidade en relación á seguridade do participante, quedando o participante fóra da carreira, e tendo que entregar o chip de control.

13 / ABANDONO VOLUNTARIO

Agás en caso de ferida, só será posible abandoar nun punto de avituallamento marcado como tal. Queda prohibido abandoar a proba sen avisar previamente á organización.

14 / ABANDONO OBRIGATORIO

A organización poderá parar en calquera momento a un corredor ou obrigarlle a abandoar a proba se considera que o seu estado pon en perigo a súa integridade física ou a súa seguridade.

15 / AGASALLOS

Cada participante (agás no caso das carreiras infantiles) terá acceso, coa inscrición, a un agasallo conmemorativo, e recibirá tamén un ticket para xantar na churrascada popular que se celebrará na polideportiva de Castelo o domingo 30 de abril ao remate do evento.

No caso das carreiras infantiles os rapaces recibirán unha medalla (de chocolate no caso da categoría de pequerrechos). Todos aqueles rapaces que se anoten nestas carreiras o mesmo día do evento terán acceso a estes agasallos ou non, dependendo da dispoñibilidade dos mesmos.

16 / SERVIZOS

Ademais de contar cos servizos dunha ambulancia medicalizada presente na zona de meta, os participantes estarán cubertos polo correspondente seguro de accidentes da proba.

17 / RECLAMACIÓNS

As reclamacións aos resultados oficiais deberán formularse verbalmente á empresa de cronometraxe nas dúas seguintes ao remate da proba, ou por escrito no correo electrónico info@travesiadoxalo.gal nas vintecatro horas posteriores ao remate da proba.

18 / DEREITOS DE IMAXE

Os participantes renuncian a empregar os seus dereitos de imaxe e autorizan á organización e aos seus patrocinadores a empregar e publicar libremente calquera fotografía ou vídeo gravado no contexto da proba.

19 / ACEPTACIÓN DO REGULAMENTO

A inscrición dos participantes está condicionada á aceptación do presente regulamento.

20 / DESCALIFICACIÓN

Serán motivos de descalificación:

- Atallar ou percorrer conscientemente tramos do percorrido diferentes ao oficial
- Tirar no monte lixo de calquera tipo
- Non asistir a outro participante en dificultades
- Non pasar polos avituallamentos ou puntos de control
- Sair dun punto de control logo da hora de descalificación
- Abandoar a carreira sen avisar á organización

21 / SUSPENSIÓN

No caso de que polas condicións meteorolóxicas non fora posible que a proba dera comezo, a organización resérvase o dereito de suspendela, neutralizala ou modificar o seu horario, o percorrido e os avituallamentos. Neste caso non se devolverá o importe da inscrición.

No caso de suspensión da proba por causas de forza maior e cunha antelación de máis de sete días en relación á data da mesma, realizarase un reembolso parcial da inscrición, fixado en función dos gastos non recuperables pola organización.

22 / MÁIS INFORMACIÓN

Nas webs www.travesiadoxalo.gal, www.castelodeporte.gal, no Twitter @castelodeporte e na páxina en Facebook de Castelo Deporte publicarase toda a información de interese sobre a proba. No correo electrónico info@travesiadoxalo.gal e no teléfono 689 882 972 proporcionarase información adicional aos participantes.